



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 7 de outubro de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/3006

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Corporal

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Educación

Tras analizar a documentación da praza 25/3006, as reclamacións presentadas por D.^a Yolanda Escalante González e D. Miguel Lorenzo Martínez, os informes emitidos pola Comisión de selección e as respostas dadas por esta aos acordos da Comisión de reclamacións, a Comisión de reclamacións fai constar:

1. que detectou erros materiais na introdución dos datos dos expedientes académicos (sección I.1. Formación académica do Anexo I. Baremo para a selección de profesorado axudante doutor, substituto e asociado) na folla Excel do baremo de dúas persoas candidatas, nomeadamente D. Miguel Lorenzo Martínez e D. Brais Ruibal Lista
2. que detectou un erro no traslado das indicacións dadas na súa resolución de 21 de xullo sobre a valoración do contrato con cargo a proxecto aducido por D. Apolinar Graña Varela que fora indebidamente valorado na sección III.3 Bolsas e contratos pre e posdoutorais do citado Baremo
3. que detectou erros no traslado das indicacións dadas na súa resolución de 21 de xullo e sobre a aplicación do criterio de afinidade nos puntos I.2 (Calidade docente), III.1 (Publicacións científicas), III.2 (Comunicacións en reunións científicas) e III.7 (Accións de transferencia e divulgación) do anexo II (Modelo para establecer por parte da comisión de selección os criterios de valoración nas prazas de profesorado axudante doutor, substituto e asociado)

Por todo o anterior, úrxese á Comisión de selección para que proceda a

1. corrixir o erro material detectado no cálculo dos expedientes académicos de D. Miguel Lorenzo Martínez e D. Brais Ruibal Lista, de maneira que se incorpore á táboa Excel a nota media real obtida no grao e no mestrado multiplicada por 5, nas respectivas columnas, sen proceder a introducir a ponderación de 80%-20% pois xa é automaticamente realizada pola folla de cálculo
2. corrixir a valoración dada ao contrato con cargo a proxecto presentado polo candidato D. Apolinar Graña Varela por, tal e como se indicaba na resolución de 21 de xullo da Comisión de reclamacións, "non proceder a súa valoración xa que non se corresponde con ningún dos contratos explicitamente contemplados na Normativa, a saber, "contratos de formación predoutoral e posdoutoral correspondentes a convocatorias competitivas de carácter público: Programa de formación do profesorado universitario (FPU), Programa de formación do persoal investigador (FPI), predoutorais e posdoutorais da Xunta de Galicia, Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva e outras de carácter equivalente" e solicitar da Comisión de selección que proceda a revisar a citada puntuación"



3. corrixir a valoración dos méritos das seccións I.2, III.1, III.2 e III.7 do baremo de acordo coa aplicación do criterio de afinidade establecido pola propia Comisión de selección e coas consideracións realizadas por ela mesma en relación cos méritos das persoas candidatas, nomeadamente nos proxectos de innovación docente aducidos polo candidato D. Miguel Lorenzo Martínez
4. dar un prazo de 3 días a partir da publicación da presente resolución no TEO para que cumpra co indicado nos puntos 1, 2 e 3 e remita unha nova proposta de provisión e a táboa Excel correspondente axustada aos criterios anteriores
5. facer público este acordo

Lémbrese que as resolucións da Comisión de reclamacións son vinculantes (artigo 73.2 da Lei Orgánica 2/2023 de 22 de marzo do Sistema Universitario), por tanto, o incumprimento por parte da Comisión de selección das resolucións desta Comisión de reclamacións é susceptible do inicio das accións disciplinarias que contempla o ordenamento legal vixente, sen excluír a esixencia da correspondente responsabilidade patrimonial que del puidese derivarse.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández